




Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B (Xaneiro – Marzo 2012)

La cena, de Herman Koch

Unha historia sobre culpas paternas e crimes filiais que reflexiona sobre o racismo e nace dun suceso real – o crime do caixeiro automático - ocorrido en Barcelona no ano 2005. O holandés Herman Koch é actor de televisión e escritor.




El pájaro espectador, de Wallace Stegner

Un axente literario xubilado que reside en California é presionado pola súa muller para levar unha vida máis activa. Cando recibe unha postal dunha condessa amiga súa que tratou na súa mocidade atópase cun vello diario coas súas andanzas case esquecidas e acordan que cada noite lerán un capítulo do mesmo.

Tertulia, de Xavier Alcalá

Unha introdución ao mundo pechado de escritores/as e distribuidores/as de galardóns literarios. Diferentes tipos de letras, páxinas de diario, artigos e cartas alternanse cos capítulos dunha novela de aventuras. Xavier Alcalá continúa a liña do "collage" iniciada na súa obra "Fábula" e os seus relatos curtos de principios dos anos 80.




Cien años de soledad, de Gabriel García Márquez

Máis de corenta anos dende a súa aparición mantense intacta a maxia do mundo de Macondo, co prolongado e labiríntico proceso que o leve da inocencia das súas orixes ata unha prosperidade precaria e o seu final, a través do ascenso e caída da estirpe dos Buendía.

La ladrona de libros, de Markus Zusak

Co trasfondo da Alemania nazi, Liesel Meminger é unha rapaza de nove anos que, tras a desaparición dos seus pais, é adoptada pola familia Hubermann. Co seu pai adoptivo, Hans, a nena introducirase na literatura tras furtar o seu primeiro libro.



Salir a robar caballos, de Per Petterson

As lembranzas de adolescencia de Tron Sender, un relato iniciático ambientado a finais dos anos corenta do século pasado nun lugar entre Suecia e Noruega. Os feitos relacionados co seu pasado irán saíndo á luz, nun descubrimento do erotismo, da morte e da falsa harmonía familiar.

GRUPO B